

Dossier informativo



Emisión de achegas ao capital social

[Do 1 de outubro ao 15 de novembro]

Emisión de achegas voluntarias para reforzar os fondos propios de Coop57

Desde Coop57 iniciamos unha emisión de achegas voluntarias ao capital social.

Coa ampliación dos fondos propios incrementamos a capacidade financeira para continuar apoiando á economía social e solidaria.

O obxectivo é conseguir entre 750.000 € e 1.500.000 € a través de achegas de 1.000 € remuneradas ao 2% anual.

Condicións xerais da emisión:

Importe total: entre 750.000 e 1.500.000 €

Achegas: de 1.000 € cada unha

Participación: a emisión está destinada ás socias de Coop57. Poderanse adquirir ata un máximo de:

- 15.000 € as socias colaboradoras
- 30.000 € as socias de servizos

Remuneración:

- Ata o 31 de maio do 2026: 2% anual. 1r pago: 31 de maio do 2026
- A partir do 1 de xuño do 2026: Remuneración das achegas voluntarias esixibles + 1,5%. Pago: 31 de maio de cada ano

Prazos da subscrición: do 1 de outubro ao 15 de novembro de 2024

Asignación: las achegas outorgaranse por estrita orde de petición ata completar a emisión

Devolución: cada 4 meses poderase solicitar o reembolso do capital subscrito, que deberá ser autorizado polo Consello Reitor.

➤ Que son os fondos propios?

A **solidez económica** de calquera entidade mídese esencialmente polo importe dos seus fondos propios.

Nunha cooperativa, os fondos propios representan a cantidade de recursos financeiros que as súas socias investiron directamente (achegas ao capital social) ou retido dentro da propia cooperativa (excedentes destinados a reservas).

Ao non estar relacionados con débeda ou financiamento externo, os fondos propios determinan a súa **capacidade para facer fronte en todo momento aos riscos eventuais e aos compromisos vinculados á súa actividade**. Garanten a súa solidez e a súa solvencia económica.

No caso de Coop57, o risco da actividade financeira é fundamentalmente a morosidade ocasionada por entidades que non poidan devolver os préstamos que recibiron.

➤ Cales son os fondos propios de coop57?

• Fondo fundacional

É o fondo económico achegado pola loita das antigas traballadoras da editorial Bruguera que permitiu pór en marcha Coop57.

• Achegas obrigatorias ao capital social

Cantidade mínima de capital que cada persoa ou entidade debe achegar para incorporarse como socia de Coop57. A súa devolución está condicionada á aprobación por parte do Consello Reitor.

• Fondo Solidario de Préstamos

Fondo que se nutre das achegas ao capital social efectuadas polas entidades socias que reciben un préstamo de Coop57.

• Resultado do exercicio e reservas

Os resultados positivos de cada exercicio económico reinvéstense integramente en Coop57, reforzando así a solvencia da cooperativa.


A partir deste ano, sumaranse as achegas voluntarias aos fondos propios que se subscriban nesta emisión.

➤ Por que coop57 realiza esta emisión?

Nos últimos 4 anos, **duplicouse o saldo vivo de préstamos en curso** (o importe pendente de retornar dos préstamos concedidos). Pola súa banda, **a evolución dos fondos propios** nestes mesmos anos **tivo un ritmo de crecemento inferior**, ao redor do 30%.

Cando se pon en relación estas dúas variables (fondos propios e saldo vivo de préstamos), obtemos unha porcentaxe que mide a solvencia e a capacidade de dar resposta a posibles imprevistos e/ou a falta de pagamentos.

É desexable, pois, manter unha boa proporción entre estas cifras. Debido á evolución dos últimos anos, **é conveniente reforzar e incrementar o fondos propios** para mellorar este cociente e, así, dar continuidade á actividade financeira dunha maneira sólida e fortalecer a capacidade de conceder máis préstamos a proxectos transformadores de economía social e solidaria.



Para poder pór en contexto e ter unha referencia externa: o marco regulatorio financeiro internacional establece que este tipo de cociente debe ser, polo menos, do 8%. Coa presente emisión preténdese acadar unha porcentaxe superior, o que, no caso de conseguir o importe máximo da emisión, situaría a Coop57 un 50% por encima

das esixencias mínimas da normativa financeira internacional.

En consecuencia, o impacto que terá nos fondos propios o éxito desta emisión será significativo para que **Coop57 siga dando resposta ás necesidades financeiras da economía social e solidaria.**

➤ **Condicións da emisión**

Importe total: entre 750.000 e 1.500.000 €

Achegas: de 1.000 € cada unha

Participación: a emisión está destinada ás socias de Coop57. Poderanse adquirir ata un máximo de:

- 15.000 € as socias colaboradoras
- 30.000 € as socias de servizos

Remuneración:

- Ata o 31 de maio do 2026:
2% anual. 1º pago: 31 de maio do 2026
- A partir do 1 de xuño do 2026:
Remuneración das achegas voluntarias esixibles + 1,5%. Pago: 31 de maio de cada ano

A remuneración das achegas voluntarias esixibles ao capital social establécese cada ano na asemblea xeral de Coop57 (ano 2024: 0,5%)

Pago:

- 1º pago: 31 de maio de 2026 (remuneración devindicada desde o 15 de novembro de 2024)
- A partir do 1 de xuño do 2026: 31 de maio de cada ano.

Prazo da subscrición: do 1 de outubro de 2024 ao 15 de novembro de 2024 .

Asignación: as achegas asignaranse por estrita orde de petición ata completar a emisión.

Devolución: cada 4 meses poderase solicitar o reembolso do capital subscrito, que deberá ser autorizado polo Consello Reitor de Coop57.

➤ **Periodos de devolución**

Poderase solicitar ao Consello Reitor o reembolso destas achegas voluntarias ao capital social, total ou parcialmente e sempre en múltiplos de 1.000€, nos seguintes prazos:

Solicitudes previas ao 31 de maio de 2026

- Períodos: ata os días 10 dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano.
- Reembolso: farase efectivo nos 60 días posteriores ao peche de cada período, sempre que o Consello Reitor o autorice.
- Non se percibirá a remuneración devindicada.

Solicitudes posteriores ao 31 de maio de 2026

- Períodos: ata os días 10 dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano.
- Reembolso: farase efectivo nos 60 días posteriores ao peche de cada período, sempre que o Consello Reitor o autorice
- Percibirase a remuneración devindicada ata a data da devolución.

➤ **Condicións da devolución**

Acorde ás Normas Internacionais de Contabilidade e á Lei de Cooperativas, **a devolución das achegas voluntarias para reforzar os fondos propios está condicionada á aprobación por parte do Consello Reitor, órgano que se reserva a posibilidade de rexeitar, incondicionalmente, a devolución das mesmas.**

A previsión e a intención de Coop57 e o seu Consello Reitor é que, no caso que haxa peticións de devolución, estas se podan devolver con normalidade dentro dos prazos detallados no punto anterior, tal e como pasou sempre durante os 30 anos de historia de Coop57.

Só sería nunha situación moi excepcional que o Consello Reitor se puidese ver coa necesidade de rexeitar esta devolución (por exemplo, un risco elevado de descapitalización).

Nese caso, iso non implicaría que esta achega se perdera. A achega seguiría vixente nas mesmas condicións, pero a súa devolución quedaría pendente de efectuarse ata que as circunstancias que levaron ao rexeitamento da devolución cambiaran e/ou que a cooperativa conseguise mellorar a súa capitalización.

➤ **Garantías ás achegas**

Coop57 desenvolve unha actividade financeira entre as súas socias como cooperativa de servizos. Non é un banco e, en consecuencia, non dispón da cobertura do Fondo de Garantía de Depósitos do Banco de España.

Coop57 articula distintos mecanismos para garantir as achegas das persoas socias:

- Destina os seus excedentes exclusivamente a reservas.
- Esixe ás entidades que reciben financiamento que fagan achegas adicionais ao capital social para nutrir un fondo solidario para garantir os préstamos.
- Anualmente, dota o máximo posible as provisións para posible falta de pagamentos.
- Acouta o límite máximo de préstamo que pode recibir unha entidade socia, de maneira que así distribúe o risco (como máximo, unha entidade non pode recibir en préstamos máis do 2% dos recursos de que dispón Coop57).
- Mantén acordos con distintas entidades para compartir riscos e garantir os préstamos concedidos (Fondo Europeo de Investimentos, Sociedades de Garantía Recíproca, Administracións Públicas, Fundacións e outras entidades da Economía Social e Solidaria).

Coop57 é unha cooperativa que se xestiona de forma democrática e participativa e que articula mecanismos para que os socios e socias poidan coñecer adecuadamente e en todo momento a súa situación económica e poidan participar colectivamente na toma de decisións.

➤ Cadro comparativo entre tipoloxías de achega

Tipoloxía	Achegas obrigatorias	Achegas voluntarias esixibles	Achegas voluntarias aos fondos propios
Finalidade	A súa finalidade é establecer o vínculo como socia de Coop57.	A súa finalidade é fomentar o aforro solidario para financiar proxectos de economía social e solidaria.	A súa finalidade é fortalecer os fondos propios de Coop57.
Vinculación cos fondos propios	Forma parte dos fondos propios de Coop57.	No forma parte de los fondos propios de Coop57.	Forma parte de los fondos propios de Coop57.
Importe	• Socias de servizos: 901,52€. • Socias colaboradoras: 300€. • Socias de traballo: 901,52€.	Máximo 300.000 € por socia.	• Mínimo: 1.000 €. • Máximo: – Socias de servizos: 30.000 €. – Socias colaboradoras: 15.000 €. – Socias de traballo: 15.000 €.
Remuneración	No está remunerada.	• Está remunerada • Remuneración para 2024: 0,5% anual. • Remuneración próximos anos: establecerá a Asemblea Xeral.	• Está remunerada. • Remuneración hasta 31 de maio de 2026: 2% anual. • Remuneración a partir do 1 de xuño de 2026: remuneración das achegas voluntarias esixibles +1,50% anual.
		Pago da remuneración: 31 de decembro de cada ano.	Pago de la remuneración: • 1º pago: 31 de maio de 2026 (remuneración devindicada desde o 15 de novembro de 2024). • A partir do 1 de xuño do 2026: 31 de maio de cada ano.
		Non ten ningún tipo de dedución na remuneración en caso de devolución.	Deducións en caso de devolución: • Non se percibirá remuneración nas achegas reembolsadas antes do 1 de xuño do 2026. • Nas achegas reembolsadas a partir do 1 de xuño do 2026, percibirase integramente a remuneración devindicada
Devolución	A súa devolución implica causar baixa como socia de Coop57.	A súa devolución non implica causar baixa como socia de Coop57.	A súa devolución non implica causar baixa como socia de Coop57.
	A súa devolución está condicionada á aprobación por parte do Consello Reitor, órgano que se reserva a posibilidade de rexeitala incondicionalmente.	A súa devolución é inmediata. Non está condicionada á aprobación por parte do Consello Reitor	A súa devolución está condicionada á aprobación por parte do Consello Reitor, órgano que se reserva a posibilidade de rexeitala incondicionalmente
Prazos de devolución	Non ten prazos de devolución, pero a devolución está suxeita ao calendario de reunións mensuais do Consello Reitor (é dicir, a devolución pode tardar en ser efectiva ata un mes, sempre que o Consello Reitor o autorice).	Non ten prazos de devolución, a devolución é inmediata.	Pódese solicitar a súa devolución nos seguintes prazos: • Ata os días 10 dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano. • O seu reembolso farase efectivo en 60 días naturais, sempre que o Consello Reitor o autorice.
Fiscalidade	Ao non ter remuneración, non está suxeita a retención fiscal.	A remuneración considérase rendemento do capital mobiliario e está suxeita a retención fiscal (19% actualmente).	A remuneración considérase rendemento do capital mobiliario e está suxeita a retención fiscal (19% actualmente).

➤ **Como podo subscribir achegas?**

- Accedendo á web achega.coop57.coop
- Contactándonos por correo electrónico en **socis@coop57.coop** ou chamando ao 93 268 29 49.

➤ **Como se efectúa o desembolso da achega?**

O desembolso da achega pode efectuarse mediante 3 opcións:

- Por domiciliación bancaria.
- Por transferencia bancaria.
- Por un traspaso desde as achegas voluntarias esixibles ao capital social de Coop57.

➤ **Como se acreditarán as achegas?**

Mediante un certificado que estará dispoñible na Oficina Virtual a partir do 20 de xaneiro do 2025. Mentres este certificado non estea dispoñible, todas as persoas que efectuasen achegas disporán dun comprobante da solicitude que incluíra o detalle das condicións da achega.

➤ **Como se efectuará o pago da remuneración?**

A remuneración (unha vez descontada a retención fiscal) sumárase ao valor das achegas voluntarias ao capital social. Con todo, as persoas que o desexen poderán solicitar que o importe da remuneración se lle ingrese na conta corrente que indiquen.

➤ **Como hai de solicitar a devolución das achegas?**

Enviando un correo electrónico a **socis@coop57.coop**. Unha vez recibido, facilitarase á persoa que o remítise un formulario de devolución.

Tamén, a través da [Oficina Virtual](#) de Coop57, no apartado de “Peticións”.